

Severino Chacón Bergueiro

Ana Romero Masiá

Severino Chacón Bergueiro naceu en San Pedro de Parada (A Estrada, Pontevedra) o 14 de novembro de 1884 e faleceu en Madrid o 31 de xullo de 1978. Foi o fundador e máximo líder da maior organización sindical do mundo do tabaco en España —a Federación Tabaquera Española— na que desempeñou o cargo de secretario xeral desde os seus comezos ata a súa disolución en xullo de 1936.

Fillo dunha humilde familia de campesiños, traballou como canteiro en Ferrol (1897), cidade na que entrou en contacto coas organizacións obreiras, sentíndose desde moi novo traído polo pensamento e as tácticas socialistas. Trasladado á Coruña (1903), Chacón se converterá no referente sindical e político socialista no gran feudo anarquista galego que era a cidade herculina, polo que recibiu duras críticas á súa actuación.

Como tantos galegos da súa época, en 1905 emigrou a Cuba, continuando alí a actividade sindical e política. En



Chacón nunha foto de La Voz de Galicia de 1931

1906 o seu nome figura entre os dos fundadores do Partido Socialista Cubano, do que foi elixido membro do seu Comité Nacional. Tras un breve retorno á Coruña en 1908, ano no que casou con Dolores Rey Pérez e actúa como delegado no VII

Congreso do PSOE, volve á Habana e reinicia a actividade sindical (elixido presidente do Sindicato de Albaneis) e política (igualmente elixido presidente da Agrupación Socialista), ademais de involucrase en problemas dos emigrantes galegos a través da súa actuación no Centro Galego e na Unión Redencionista. A activa participación de Chacón na folga dos traballadores que estaba na construíra rede de sumidoiros da Habana foi o pretexto para que as autoridades da illa decretasen a súa violenta expulsión en xullo de 1911. Este feito resultou altamente significativo, por canto era a primeira vez que tiña lugar unha expulsión deste tipo por motivos políticos e sindicais.

Entre 1911 y 1920 Chacón, acrecentado o seu prestixio pola expulsión cubana, traballa incansablemente a favor da causa socialista na Coruña: preside a Agrupación Socialista; funda e preside a Asociación de Dependentes de Comercio, a Unión Ferroviaria, a Unión Tranviaria, a Unión de Obreiros Municipais, a Unión de Mozos de Almacén, a Unión Téxtil, a Unión de Refinadores de



Chacón ampliou o seu radio de acción logrando unha masiva afiliación de cigarreiras e tabaqueiros en tódalas fábricas de tabacos da Península. É entón cando nace a Federación Tabaquera Española. *É entón cando nace a Federación Tabaquera Española, que o elixiu sempre como o seu secretario xeral nos sucesivos congresos*


Petróleos, a asociación de mesteiras La Lucha, ademais de colaborar na fundación de numerosas sociedades campeñas e participar en numerosos actos de protesta contra a carestía da vida, a guerra de Marrocos ou en defensa da ensinanza laica. Pero desde decembro de 1916 en que funda Unión Tabacalera, a actividade de Chacón concentrárase neste ámbito.

A partir desta organización coruñesa, Chacón ampliou o seu radio de acción logrando unha masiva afiliación de cigarreiras e tabaqueiros en tódalas fábricas de tabacos da Península. É entón cando nace a Federación Tabaquera Española (1920), que o elixiu sempre como o seu secretario xeral nos sucesivos congresos que a federación celebrou. Trasladado a Madrid para poder coordinar mellor o traballo, Chacón fixo da FTE a central absolutamente maioritaria do sector e mantivo o seu carácter autónomo ata a entrada na UGT en setembro de 1936. Desenvolvendo prácticas novas no seu tempo, como a participación dos traballadores na Xunta de Accionistas da Compañía Arrendataria de Tabacos a partir de 1924, a organización conseguiu importantes éxitos nas mellores salariais e laborais. Animado por estes éxitos, en 1931 Chacón organizou a Confederación de Industrias del Tabaco na que se agrupaban traballadores das fábricas, persoal de administra-

ción e técnicos, cultivadores e expendedores de tabacos; a nova organización foi medrando e mantívose moi activa ata as dificultades ocasionadas pola revolución de outubro de 1934 que ocasionou numerosos despidos e sancións nos cadros dirixentes da CIT, pois dos seus membros participaron activamente na revolución en as Alianzas Obreiras. Chacón foi tamén o director e principal redactor da publicación Unión Tabacalera, que se publicou con total regularidade entre 1920 e 1936.

Ademais da súa actividade sindical, Chacón foi un dos asinantes da acta fundacional do Partido Comunista Obreiro Español en 1921. Durante a Segunda República participou en mitins contra o fascismo e a guerra, apoiou ás Alianzas Obreiras e á formación da central CGTU, presidiu o Comité de Axuda ás Vítimas de Outubro e foi activo orador a favor da Fronte Popular.

A sublevación de xullo de 1936 sorprendeu a Chacón na Coruña, onde permaneceu un ano escondido. Condenado a morte por tribunal militar, logrou pasar a Valencia e incorporarse ao Comité Nacional da UGT. En 1939 inicia, coa súa familia, un exilio que o levou a Francia (1939), Santo Domingo (1939-40), Venezuela (1940-46), de novo Francia (1946-50), Checoslovaquia (1950) e novamente Venezuela (1950-67), para retornar a Madrid, onde faleceu en 1978.



BIO-CRONOLOXÍA

1884-1897

- 1884 O 14 de novembro nace Severino Chacón en San Pedro de Parada (A Estrada, Pontevedra)

Formación escolar deficiente

1897-1903. Ferrol

- **1897** Marcha a Ferrol para traballar como canteiro

Entra en contacto coas organizacións obreiras e as súas tácticas

- **1903** Trasládase á Coruña

1903-1905. A Coruña

- **1904** Primeiro acto público como representante dos canteiros nun mitin contra a carestía da vida

Elixido vocal obreiro na Comisión Local de Reformas Sociais

- **1905** Participa en mitins na Coruña como socialista e como canteiro

Emigra a Cuba, onde traballa como albanel

1905- [1908]-1911. Cuba

- 1906 Co-fundador do Partido Socialista Cubano. Elixido membro do seu Comité

Nacional

Actuacións no Sindicato de Albaneis na Habana

- **1908** Retorna á Coruña. Casa con Dolores Rey Pérez

Delegado no VII Congreso do PSOE

Nova marcha a Cuba

- **1910** Participa activamente nas asembleas do Centro Galego da Habana e nos mitins da Unión Redencionista

- **1911** Preside a Agrupación Socialista da Habana

Preside a Sociedade de Albaneis da Habana

Vocal da Unión Redencionista

Nace o seu primeiro fillo, Universo

Participa activamente na folga dos traballadores da rede de sumidoiros da Habana, o que provoca a súa expulsión da illa

Enviado á Coruña polas autoridades cubanas

1911-1920. A Coruña

- **1911** Preside a Agrupación Socialista da Coruña (16-12-1911 a 6-1-1913)

- **1912** Preside a Agrupación da Xuventude Socialista da Coruña (27-12-1912 a febreiro 1918)

Funda e preside a asociación coruñesa de Dependentes de Comercio

Activa participación na folga ferroviaria de outubro

Nace a súa filla Aurora



- **1913** Candidato socialista nas eleccións municipais

Orador en mitins contra a guerra de Marrocos e a favor do ensino laico

Funda e preside a sección coruñesa da Unión Ferroviaria(14-2-1913 a 10-12-1917)

Delegado no Congreso Ferroviario do Sindicato do Norte

- **1914** Nace a segunda filla, Otilia

- **1915** Elixido membro do Comité de Defensa Económico Local

Orador en mitins contra a carestía da vida e a crise de subsistencias

Delegado no I Congreso Nacional de Ferroviarios da UGT

- **1916** Funda a Unión Tranviaria coruñesa, sendo elixido presidente (8-2-1916 a 16-12-1918)

Delegado nos Congresos Ferroviarios celebrados en maio en Valladolid e en outubro en Madrid

Activa participación na folga nacional dos ferroviarios de xullo. Detido e encarcerado sete días

Funda a Unión de Obreiros Municipais da Coruña, sendo elixido presidente (18-9-1916 a 22-12-1917)

Nace a terceira filla, Marxina

Funda Unión Tabacalera, sendo elixido presidente (15-12-1916 a 16-7-1920)

- **1917** Funda a Unión de Mozos de Almacén coruñesa

Participa en mitins anticlericais

Primeiro logro de Unión Tabacalera: aumento

dun real diario

Activa participación na folga revolucionaria de agosto. Detido e encarcerado tres meses

Candidato nas eleccións municipais

- **1918** Preside novamente a Unión Ferroviaria coruñesa (18-7-1918 a 16-11-1919)

Funda Unión Téxtil da Coruña

Funda Unión de Refinadores de Petróleos da Coruña

Colabora activamente na fundación de 14 sociedades campesiñas

Delegado na VII Asemblea Agrícola celebrada na Coruña en agosto

Delegado no Congreso socialista celebrado en Madrid en setembro

Actividades de protesta contra a carestía da vida como asesor da Xunta de Subsistencias local

Preside a asociación de mesteiras La Lucha


A Compañía Arrendataria duplica a cuantía da subvención diaria por asistencia a talleres

Celebración do I Congreso nacional de traballadores das fábricas de tabacos e fundación da Federación Tabaquera Española. Chacón, elixido presidente

O crecemento de afiliación á FTE orixina problemas coas non afiliadas en varias fábricas. Na Coruña, a FLO decreta o boicot a familiares das cigarreiras asociadas (novembro-1918 a xaneiro-1920)

Expulsado da sociedade de albaneis por socialista por orde da dirección da FLO

- **1919** Organiza a primeira folga nacional de traballadores das fábricas de tabacos para conseguir compensacións pola implantación da xorna-





Severino Chacón Bergueiro, secretario general de la Federación Tabquera Española. Mundo Gráfico, 15.5.1929

da máxima de 8 horas. Conséguese unha subida salarial do 25%

- **1920** II Congreso da FTE. Chacón, elixido secretario, cargo para o que será reelixido nos seguintes congresos Trasládase a Madrid para realizar máis comodamente o seu traballo na FTE

1920-1936. Madrid

- **1920** Delegado no XIV Congreso da UGT

Impulso á formación das cooperativas tabaqueiras da Coruña e Logroño

Director e principal redactor do periódico men-



sual Unión Tabacalera (1920-1928)

- **1921** Delegado no Congreso Extraordinario do PSOE de abril

Asina a acta fundacional do Partido Comunista Obreiro Español

- **1922** Delegado no XV Congreso da UGT

- **1924** III Congreso da FTE. Reforma de Estatutos

Participación na Xunta de Accionistas da CAT

Absolto nun xuízo por faltas de imprenta

- **1926** IV Congreso da FTE

- **1928** Destacada participación na Xunta de Accionistas da CAT

Director e principal redactor da revista mensual Unión Tabacalera (1928-1936)

- **1929** V Congreso da FTE. Problemas por non aceptar a subida de salario proposta polos delegados

Condenado por un delito de imprenta a multa e desterro a 150 Km de Madrid e A Coruña

Intentos de formar unha confederación sindical de traballadores dos monopolios

Activa participación na organización autónoma dos traballadores das fábricas de mistos

- **1930** Xestións exitosas que logran novos aumentos salariais para cigarreiras e tabaqueiros

- **1931** Pleno da FTE en Sevilla

Rexeitamento da candidatura a deputado polo BOC

Destacada participación na Xunta de Accionistas da CAT

Inicio da campaña para conseguir a socialización das industrias do tabaco mediante a nacionalización da CAT

Consecución dun obxectivo: fundación da Confederación de Industrias do Tabaco

Problemas coas disidencias dos traballadores non afiliados á FTE de Madrid e A Coruña

- **1932** VI Congreso da FTE

Celebración en Madrid da Escola de Capacitación Social

Inicio das obras do centro social coruñés

Participación na Conferencia de Unidade Sindical

- **1933** VII Congreso da FTE

Orador en mitins contra o fascismo

Apoio ás Alianzas Obreiras

- **1934** A CIT e a FTE alcanzan o seus máximos de afiliación

Apoio á formación da nova central sindical CGTU

Negativa incidencia dos problemas da folga revolucionaria de outubro no asociacionismo tabaqueiro

- **1935** Inauguración dos centros sociais da FTE na Coruña e Alacante

Preside o Comité de Axuda ás Víctimas de Outubro (setembro 1935 a xullo 1936)

- **1936** Campaña a favor da Fronte Popular. Orador en mitins





1936-1937. A Coruña

- **1936** Agachado na Coruña para sobrevivir

Ingreso da FTE na UGT

- **1937** Condenado por tribunal militar con sentenza de morte. Orde de busca e captura

Fuxida nun barco desde A Coruña, polo norte, a Barcelona e Valencia

1937-1939. Valencia

- **1937** Participa, como secretario da Federación de Tabacos, nos traballos do Comité Nacional da UGT

Toma parte activa na crise da UGT deste ano aliñado co sector comunista

- **1938** Traballa como membro do Comité Nacional da UGT en Barcelona

- **1939** Está presente na derradeira xuntanza do Comité Nacional da UGT en España antes da Guerra

Foxe a Francia

Partidario do sector negrinista no exilio

1939-1967. Francia, Santo Domingo, Venezuela, Francia, Checoslovaquia, Venezuela

- **1939** Os tabaqueiros franceses e o SERE axudan a Chacón e á súa familia en Francia

Viven en París e Auray e exílianse a Santo Domingo primeiro e despois a Venezuela

- **1940-1946** A familia de Chacón reinicia vida

en Venezuela

- **1946-1950** Retorno a Europa, instalándose en París

- **1950** A familia vive un tempo en Checoslovaquia

- **1950-1967** Nova volta a Venezuela

1967-1978. Madrid

- **1967** Retorno a España. A familia instálase en Madrid

- Reencontro con vellos camaradas e afiliados á FTE

- **31-xullo-1978** falece en Madrid Severino Chacón

Ana Romero Masía

